

nº 21

dl vg 81 2012

Sumario

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é a Corrupción?	Redacción.	4
Ilustrísimas	Ilustrísimas	6
A corrupción move os cementos do sistema	Serxio Regueira	7
Que é o TTPI?	Grupo de Axitación Social	8
Viñeta	Quemenarras	10
A discriminación ás persoas migrantes no acceso á RISQA	FQI, ODS Coia e QAS	11
Contra a globalización alimentaria	Utopía Foro	12
Os SPG: Sistemas de Participativos de Garantía	Anxeles Bouzó Fernández	14
Berra, berra mariñeiro	Subcamandante Chipirona e a Camarada Laminaria	15

0.50€ nº20

Novembro-2014

COLABORA CONNOSCO!

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
181 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase baixo unha Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.

Locais de distribución:

Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo), Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café Uf (Vigo), Cova dos ratos (Vigo), CS Bou Eva (Vigo) Tetería Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo), Taberna do Jefe (Cangas), Taberna O rincón (Cangas), La bolera (Moaña), Rañolas Café (Gondomar), O Cafeciño (Ramatllosoa) Casa Colorida (Nigrán), CS Fuscalho (A Guarda), Detrás do Marco (Vigo), Edra (Vigo), CS Lume (Galvario), Galería Jazz (Vigo), Café Bar A Pola (Vigo), Cantina Candela (Vigo), Quinta da Carmiña (Vigo), La casa de arriba (Vigo)

RECÍCLAME!

EDITORIAL

Un sistema defíñese como unha estrutura conformada por diferentes compoñentes que se relacionan solidariamente entre si conforme a unhas normas acordadas entre os seus elementos. A clave do correcto artellamento dun sistema político reside en que cada unha das partes entenda como xustas esas normas e, en consecuencia, as respecte. Un funcionamento erróneo das pezas provoca problemas na estrutura que, incluso, pode chegar a bloquearse ou rachar.

Hoxe en día dous terzos da poboación global considera que vive nun sistema corrupto. Un sistema onde a clase dirixente non respecta as normas establecidas e usa as institucións de maneira tendenciosa para así poder tirar beneficio persoal.

Nós, Gürtel, Pokemon, Malaya, Palau, Palma Arena, ITV, ERE Fraudulentos, Campeón... son só algúns dos casos que dende que se iniciou a crise de 2008 teñen aparecido no estado español. **Situación que contrasta frontalmente co agravamento progresivo das condicións de vida da poboación xeral** dende esa data que hoxe suma xa un 26% da poboación total do estado que vive por baixo do albor de pobreza.

A corrupción é unha das principais razóns polas que a desafección das persoas respecto das institucións e da clase de

poder vai en aumento. **Consecuencia disto, dende o inicio da crise, estase a vivir unha vaga de procesos que aparecen acompañados de novos xeitos de entender a organización popular.** As novas estruturas tanto de carácter institucional como non, son cada vez más diversas e complexas. A percepción social, especialmente nalgúns partes do planeta (como é o caso do sur de Europa) é que os sistemas derivados do capitalismo actual están completamente obsoletos porque non só non responden ás necesidades da cidadanía senón que agravan a súa situación.

E fronte a esta situación a demanda de transparencia é unha das proclamas continuas que se esixen para artellar os novos sistemas. **A cidadanía esixe ter un rol activo e de control sobre as institucións e as persoas responsables das mesmas.** A nova formula para artellar a sociedade parece que hoxe xa non pasa por unha confianza mal entendida onde se deriva toda a responsabilidade a unha representante, senón que se busca un sistema no que cada persoa sexa responsable das súas decisións.

**DEMOCRACIA FRONTE “OS MERCADOS”
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE**

QUE É A CORRUPCIÓN?

Redacción.

Praxis a través da cal solápase, promóvese ou realiza un mal uso do poder público para acadar unha vantaxe ou beneficio ilexítimos, frecuentemente de xeito segredo e privado (clientelismo, portas xiratorias, cooptación, subornos, fraude, lavado de cartos,...).

"O mal uso do poder público é un mal endémico global. Dous terzos da poboación do planeta considera que vive nun sistema corrupto."

COMO SE ORIXINA?

No mundo actual a corrupción é un dos males endémicos que se percibe en case todas as sociedades. Dous terzos da poboación global considera que vive nun sistema corrupto.¹

A corrupción sacude todo tipo de institucións, dende os organismos internacionais como o FMI (caso Tapie) ata os concellos, deputacións e ministerios (Gurtel, Pokemon,...). Os gobernos perden ata 100.000 millóns de dólares por este tipo de prácticas² e no mundo móvense ata 2 billóns de dólares en subornos³. Pero cales son as causas?

- Inoperancia práctica das institucións públicas (exceso de burocratización, non control nin seguimento,...).
- Non delimitación entre o público e o privado.
- Non existencia dun axeitado ordenamento xurídico.
- Alta tolerancia social cara a gozar de privilexios privados. Isto fai que se desenvolva unha cultura na que o lucro

prevalece sobre o civismo e a ética

- Existencia de dinámicas que sosteñen e afortalan unha cultura da ilegalidade.
- Enfrontamento entre formas de organización e sistemas tradicionais cunha orde estatal moderna. As contradicións derivadas soen solventarse en moitos dos casos a través da corrupción.
- Situacións concretas que se dan en fendas entre o ordenamento xurídico e a orde social vixente.

CALES SON AS CONSEGUENCIAS?

A corrupción afecta á sociedade na que se instala, xeralmente, de xeito transversal. Ningún eido nin grupo social está libre de poder padecer procesos corruptos. Se ben é certo que o desenvolvemento da mesma nun eido determinado non implica necesariamente que suceda o mesmo



José Ingenieros

"Ninguén pensa, onde todxs lucran; ninguén soña, onde todxs tragan"

noutro. As principais consecuencias da corrupción son:

- Consolidación de elites e burocracias políticas e económicas.
- Desgaste da credibilidade e lexitimidade dos gobernos e/ou do sistema en xeral.
- Reprodución dunha concepción patrimonialista do poder. É dicir, os bens, recursos e servizos acábanse entendendo como unha propiedade do goberno e, por extensión, dos gobernantes e os seus partidos.
- Redución dos ingresos fiscais e impedimento para que o público axuden ao desenvolvemento e o benestar social
- Aprobación e modificación de leis e políticas, así como incumprimento de programas sen substento ou lexitimidade popular.
- Impulso dunha cultura da corrupción que, ao tempo contribúe, á súa multiplicación.
- Impulso de dinámica non cooperativas entre as diferentes persoas que conforman a sociedade.
- Esnaquizado do medioambiente e dos dereitos sociais a través da non aplicación das leis que protexen estes eidos.

un dobre raseiro ético: hai unha ética interior e outra exterior. Dentro das fronteiras as normas obrigan ao xogo limpo e fóra das mesmas, foméntase a desregulación e a 'trampa'.

Ademais disto os grupos de lobby fan presión para derrogar as normas existentes e xerar marcos legais difusos para que este tipo de procesos sexan "normalizados" á hora do comportamento lexislativo dun país ou, canda menos, que non se controlen. O capitalismo actual busca "legalizar" moitas das prácticas corruptas (portas xiaratorias, clientelismo,...) a través de modificacóns normativas concretas ou de acordos totais como poden ser o TTIP ou o TPP.



Foto: Ana Botella Crew

"A globalización activou un mecanismo ao servizo dos países enriquecidos. Dentro das súas fronteiras obrigase ao xogo limpo, mentres que fora fomenta a desregulación e a trampa "

COMO SE RELACIONAN CORRUPCIÓN E GLOBALIZACIÓN?

A globalización ten activado un mecanismo que serve de saída aos países enriquecidos para seguir medrando a través do neocolonialismo. O neoliberalismo aplica

E TI QUE PODES FAZER?

Evita todo tipo de tratos clientelares e de favor no teu día a día. Só consigues indirectamente seguir fomentando esa cultura que logo se reproduce cando se ten un cargo de responsabilidade. Infórmate e informa ás persoas da túa contorna. Actúa e denuncia as actitudes e os actos que coñezas. Participa en accións, iniciativas e campañas que confronten a corrupción e pula por sistemas nos que a transparencia sexa un dos alicerces centrais.

1. <http://www.transparencia.org.es>
2. <http://eleconomista.com>.
3. <http://www.delitosfinancieros.org>.

ILUSTRÍSIMAS

Coa intención de crear unha rede de difusión de coñecementos tanto históricos como actuais sobre o xénero feminino, Ilustrísima's reivindica figuras que cómpre que sexan consideradas referentes, tanto por unha lectura positiva dos seus fitos como polo excéntrico e cruel dos seus actos.

A través de retratos de grandiosas damas, Ilustrísima's convida aos seus

lectores á marabillosa aventura do saber, introducindo xocosos comentarios que achegan certa información (non de todo fiable) sobre as aquí retratadas.

Esta proposta editorial nace tamén co obxectivo de crear unha rede de ilustradorxs, librepensadorxs e amantes da retranca do noso tempo.

Ilustrísima's 4 eva!

<https://www.facebook.com/ilustrisimas>



Angela Davis



Nelly Bly



Emma Goldman



Valentina Tereshkova



Margaret Jones



Nuria Pompeia



Mary Shelley

A CORRUPCIÓN MOVESE OS CEMENTOS DO SISTEMA

Serxio Regueira*

Durante décadas, as elites do sistema financeiro, grandes empresas, fondos de inversión, cúpulas políticas, etc. fixeron da corrupción un modo de acumular fortunas, procedentes xeralmente dos impostos dos cidadáns. A impunidade era absoluta. Ninguén ousaba abrir a lata so pena de ser inhabilitado, mesmo a xustiza é condenada polo seu atrevemento. A xustiza podía xulgar e condenar a un pilla galiñas, pero a esa reducida elite... nin tocala.

Coa que está caendo, a ninguén lle pode sorprender que os cidadáns esteamos indignados, cabreados e mesmo sintamos vergoña allea por tanta trama corrupta, por tanto saqueo do diñeiro público, é dicir, dos nosos impostos.

"Agora entendemos por que, con fondos públicos, se teñen feito obras millonarias, que non eran precisas para o interese xeral, pero si para o peto duns cantos"

Agora é entendible por que, con fondos públicos, se teñen feito obras multimillonarias, que non eran precisas, ou non prioritarias para o interese xeral, pero si para os petos duns cantos. Xa

na etapa pre democrática había rumores de prácticas fraudulentas. Pero o máis difícil de asumir é que na democracia se continúe con esas prácticas. Por que non se denunciaban estas practicas? Porque son precisas probas. Quen tiña esas probas? Os corruptos e os corrompidos e como é fácil de entender, os lobos entre si non se comen.

Dá náuseas imaxinar os miles de millóns que supón ese 5% de todas as contratacóns e os investimentos públicos nos últimos trinta anos. Dá náuseas ter que escutar as explicacións e as xustificacións dos corruptos, sempre defendéndose, xustificándose e poñendo o ventilador a funcionar e defender. E os xefes principais: son persecucións, non sabían nada, pasaban por alí, etc. Como rematar con estas prácticas? Desde a miña humilde opinión, non son precisas moitas leis, cunha curta e diáfana abondaría. Tería que establecer, de xeito totalmente diáfano, que os corruptos e corruptores que defraudan ou rouban diñeiros públicos deberán devolver ata o ultimo céntimo con intereses e ir directos ao trullo. É difícil acadar este obxectivo cando o poder lexislativo tamén está metido na allada. Todo "presuntamente".



Formigón para o porto de P. Langosteira

Foto: Willy Gobetz

FÚTBOL, CARTOS PÚBLICOS E CORRUPCIÓN

Antonio Maestre / Redacción *

O fútbol de máis alto nivel levitou sempre por encima do resto de poderes públicos, sabedor que a masa social que arrasta o dota dunha forza ante os gobernantes que éstos, por cuestiós electorais, non poden desdeñar.

Eso é o que ocurriu no ano 1995. O Real Decreto (RD) 449/1995, de 24 de marzo, polo que se modifica e completa o RD 1084/1991, de 5 de xullo, sobre Sociedades Anónimas Deportivas esixía no seu artigo 1 que todas as sociedades anónimas deportivas debían acreditar estar ao corrente das súas obrigas tributarias.

Dous clubes de fútbol, o Sevilla CF e o Celta SAD non puideron certificar antes do prazo outorgado as esixencias do Real Decreto. Ambos clubes debían descender de categoría.

As aficións movilizáronse e convocaron multitudinarias manifestacións desde o mesmo día 1 de agosto. A reacción do goberno non se fixo esperar, Rubalcaba tras un consello de ministros dixo: "o goberno espera encontrar unha solución aos descensos do Sevilla e o Celta á 2ª B que non sancione ás aficións".

"José M^a Aznar, eliminou mediante Real Decreto todas as obrigas económicas e con Facenda dos clubes"

Atopouse a solución. Os clubes que incumpriron a súas obrigas seguiron en 1ª división saltándose a lei. Para que non voltase a ocurrir, José M^a Aznar, recollendo a luva de Rubalcaba, eliminou mediante outro RD todas as obrigas económicas e con Facenda que se establecían no anterior RD do goberno socialista.

DÉBEDAS CON FACENDA

Os tratos de favor e a laxitude coa que os gobernos trajeron ao mundo do fútbol derivaron nunha débeda brutal con Facenda que en marzo de 2013 foi revelada polo goberno, gracias a unha pregunta do deputado socialista Manuel Pezzi, e que ascendía a 663 millóns de euros.

O protocolo asinado por J. Ignacio Wert, ministro de cultura e deportes; Miguel Cardenal, presidente do CSD e J. L. Astiazarán, presidente da LFP, para garantir o cobro das débedas con Facenda establece que, debido ao impacto do fútbol no país e a imaxe que éste outorga a España, é necesario garantir a pervivencia dos clubes de fútbol.

Un dos puntos do protocolo, asinado o 25 de abril do 2012, dice o siguiente: "Non houbo nem haberá axudas públicas para rebaixar a débeda que manteñen os clubes de fútbol. A débeda do fútbol a pagarán o fútbol".



Obras paralizadas do Novo Mestalla

FÚTBOL CON CARTOS PÚBLICOS

Só un ano despois da sinatura do protocolo a deputación de Lugo aprobou unha axuda de 900.000 euros para a conversión en SA do clube license. A medida foi aprobada co voto a favor do PP e o PSOE. Se ben non se pode establecer que os 900.000 euros de diñeiro público sexan para pagar unha posible débeda do clube con Facenda, esta medida mostra o continuo fluxo de cartos públicos ós clubes de fútbol.

"Unha compra de terreos ao Real Madrid do Concello e a Comunidade é considerada de dubidosa legalidade e investigada pola Comisión Europea"

As axudas con cartos públicos ós clubes de fútbol é práctica habitual en España. Joaquín Leguina aportou 200 millóns de pesetas ao Real Madrid para a construción dun pabellón e 75 ao Atlético de Madrid para aliviar a súa situación económica no 1985. Desde entón, as operacións urbanísticas da Comunidade de Madrid e o Concello co Real Madrid foron habituais. No 1986 realizouse un troco de terreos que custou ao goberno de Madrid 3.000 millóns de pesetas. No 1998 o consistorio

e a Comunidade mercáronlle ao Real Madrid uns terreos por valor de 27 millóns de euros. A comisión europea considera que esta troca de terreos que realizou o Concello de Madrid co clube branco ten dubidosa legalidade, e investiga se con esta operación urbanística outorgaron axudas irregulares.

CAMPS AO RESCATE

Un dos casos más chamativos de axudas públicas a un clube de fútbol é o que se deu no País Valenciano co Valencia, Elche e Hércules a través do Instituto Valenciano de Finanzas (IVF). O expresidente da Generalitat, Francisco Camps, foi o auténtico finanziador dos clubes de fútbol da súa comunidade, comprometendo ata 118 millóns de euros de diñeiro público.

O Valencia CF pasou a ser unha empresa pública ao controlar a Generalitat o 70% do accionariado ao executar Bankia o aval dun préstamo de 81 millóns de euros que o IVF dera ao Valencia CF para a compra dunhas accións no 2009. Afortunadamente, unha sentencia exonerou á Generalitat do aval, ainda que non se coñece procedemento xudicial sobre os responsables de dito aval, que en boca do xuíz, foi ruinoso e repleto de riscos. Os préstamos avalados pola Generalitat ao Elche e o Hércules por valor de 32 millóns de euros tampoco foron pagados e pasaron a ser responsabilidade da Generalitat.

O fútbol sempre foi un aliado do poder para templar ao pobo. Nunhas circunstancias sociais e económicas como as actuais ainda máis. Apesar da Marca España nun protocolo para o pago das débedas con Facenda dos clubes de fútbol é só un elemento máis que mostra a importancia do fútbol para o poder. Zapatero no ano 2010 anunciou que a reforma laboral aprobaríase o 16 de xuño "haxa ou non acordo". Ese día era o do debut da selección española de fútbol no mundial de Sudáfrica.

* Tradución e resumo da redacción d'A Boia do artigo "Fútbol, dinero público y corrupción; nº 14 de La Marea, Marzo 2014"



Valencia. Foto: Antonio Marín Segovia

**sres. gobernantes
hai unha cousa que lles quero dicir**


si fose pola nosa seguridade



**as cámaras estarían
nos VOSOS despachos**


carlos casal

DECEMBRO



1	2	3	4	5	6	7
	Obradoiro de Cestería, ás 18, na Casa Colorida.		"Alicia" de Ian Stanimaker, ás 20:30 no cine Club -100 da Gova dos Ratos	Presentación de "Meses fías", da poeta María N. Soutelo, ás 20 no Bou Eva		
8	9	10	11	12	13	14
	Obradoiro de Cestería, ás 18, na Casa Colorida.			"Charla presentación da cooperativa Aldea", ás 20:30 na Gova dos Ratos	Cea popular en prol da Gova dos Ratos, ás 21	
15	16	17	18	19	20	21
	Obradoiro de Cestería, ás 18, na Casa Colorida.				Presentación de 'Capitalismo y economía mundial' de Xavier Arrizabalaga ás 20 no Bou Eva	
22	23	24	25	26	27	28
	Obradoiro de Cestería, ás 18, na Casa Colorida.				Kantar popular en prol d'A Boia, ás 14 na Gova dos Ratos	
29	30	31				

A DISCRIMINACIÓN ÁS PERSOAS MIGRANTES NO ACCESO Á RISGA

ODS, FGI e GAS

Ningunha persoa sen dereitos!

Foi un dos berros máis repetidos na mañá do 11 de novembro na concentración ás portas da delegación da Xunta de Galiza en Vigo.

Con este acto convocado polo Foro Galego de Inmigración (FGI), a Oficina de Dereitos Sociais de Coia e o Grupo de Axitación Social queríamos denunciar a discriminación que sufren as persoas migrantes comunitarias no acceso á RISGA.

"No labirinto institucional e burocrático atopamos múltiples fronteiras e altas doses de racismo e xenofobia"

As restricións e as vulneracións de dereitos ás que están sometidas as persoas migrantes van moito mais alá das actuacións que de cando en vez saltan á primeira plana dos medios de comunicación: devolucións en quente, redadas, deportacións masivas... No labirinto institucional e burocrático tamén atopamos múltiplas fronteiras e altas doses de racismo e xenofobia.

Preto do medio centenar de persoas, acompañadas por moita policía, xuntámonos para denunciar unha das fronteiras interiores, neste caso falabamos das restricións que a Xunta lles impón ás persoas migrantes comunitarias á hora de acceder á RISGA.

Así, no manifesto lido polo compañoiro do FGI denunciabamos que demasiadas persoas migrantes comunitarias residentes na cidade, ás veces desde hai moitos anos e normalmente de nacionalidade portuguesa, non poden acceder á RISGA coa xustificación de non teren a "residencia legal". Un requisito que fixa a nova lei de

inclusión social e que desde a Xunta están a aplicar de modo restritivo.

Para a administración autonómica non abonda levar anos empadroado en Galiza e ser ciudadán da UE, a maiores esixenllas ás solicitantes de RISGA que acrediten estaren inscritas no rexistro de cidadáns da UE. A inxustiza está en que para facer a inscrición en dito rexistro hai que ter emprego ou xustificar ingresos suficientes para residir no territorio español. Quedan así excluídas xusto as persoas migrantes que máis o precisan.

Por iso hoxe viñemos denunciar estes feitos e a rede de mecanismos institucionais que funcionan como fronteiras interiores ao promover a exclusión dunha parte da comunidade no acceso a dereitos fundamentais.

Ademais esiximos:

- o cese inmediato da persecución das persoas migrantes.
- a derogación das políticas de estranxeiría españolas e europea.
- a posta en marcha dunha renda básica.



Foto: Willy Gobetz

TRAS A CORTINA DE FUME

J. P. Forti

Os tiburóns gostan das augas cada vez más cálidas do Gran Sol, cebándose nas pescadas que pescamos ao palangre. Houbo que moverse. A vida do mariñeiro é dura. Mesmo cando hai peixe, non sabe o que vai gañar, pois o prezo de venda do que dependen as súas gananciaspono o que paga.

Nas frías augas do Norte de Escocia non habían tiburóns. Desembarcamos en Thurso, cheos de peixe. Cancelárase o bus, polo que tiven que tomar un taxi. O escocés que me levou cóntoume que o último rey de Escocia foi decapitado despois de firmar o tratado da unión con Inglaterra. Estaba convencido de que tal rey se chamaba Rob Roy McGregor. En realidade, Rob Roy foi un gandeiro estafado e encarcelado por un Lord, que saiu da prisión perdoado por Jorge I, gracias á novela de Dafoe que relataba a súas peripecias. A traición ocorreu a



outro nivel: Inglaterra sobornou a todo o parlamento escocés para aprobar a unión dos parlamentos. Os impostos británicos causaban estragos e o pobo escocés revolvíase violentamente, tanto que 6 anos despois de firmar o tratado, a proposta de disolver a unión, no propio Westminster, non prosperou por 4 votos.

"As intrigas entre os poderosos de Escocia e Inglaterra seguen a ser actuais. Ainda nos anos 90, Tony Blair moveu secretamente a fronteira, tomando xacementos petrolíferos para Inglaterra"

Así cheguei a Inverness, o portal das Highlands. Aquí foi a ultima batalla das guerras xacobitas, na que a aristocracia escocesa sacrificou aos seus vasalos apoiando a Carlos Estuardo nas súas pretensión ao trono inglés. O "taxista" cría que os escoceses morreran nesa batalla protexendo as súas terras do colonialismo inglés. As intrigas entre poderosos de ambalas dúas nacións seguen a ser actuais. Nos anos 90, Tony Blair moveu secretamente a fronteira entre Escocia e Inglaterra, tomando xacemetos petrolíferos. Como de costume, a prensa informa do que lles interesa e cando lles interesa aos que mandan de verdade: antes do referéndum falábbase da exigüidade do petróleo escocés. Cando os resultados electorais decretaron a permanencia de Escocia no curral, comenzaron a chover novas de novos xacementos descubertos. Os mercados respiraron aliviados, a libra subiu coma a espuma. O petróleo move todo, e case todo se move en barcos.

No camiño á casa, fixen escala en

Amsterdam. Coñecín alí a un soldador de Barreras, veciño de Cangas. Estaba contento, acababa de pechar contrato nos Países Baixos. Fai uns anos, Holanda denunciaba ante Bruxelas que España eximía de impostos aos seus asteleiros; o famoso tax-lease, vaia. A denuncia prosperou afundindo o sector, que hoxe é a sombra (un 25%) de que foi. "Eu non me explico como os Holandeses logran pagarnos o dobre e manter os prezos competitivos. As subcontratas que fan os barcos son as mesmas que en Vigo, as técnicas idénticas, os obreiros os mesmos. Seica están fortemente subvencionados", declara quen deixara o Morrazo por decisión dos tiburóns.

Isto deume que pensar na mobilidade de persoas, cartos e recursos. Pregunteime, de onde vén o ferro? Polo que atopei, gran parte do ferro que empregamos ven do Brasil. O estado de Pará é responsable do 50% das exportacións brasileiras, grazas á súa riqueza mineira. Mais tamén é dos más pobres e desiguais. O mineral exportase apenas sen transformar e vénese ao prezo que marca o mercado. Igual que o peixe galego, vaia.

"Os medios están cheos de casos de corrupción... cheirame a cortina de fume. A crise ten raíces más profundas que a corrupción"

E así voltei a Vigo. Os medios non fan máis que denunciar asuntos de corrupción... Por fin, xa era hora! Mais confeso que tamén me cheira a cortina de fume. A crise ten raíces más profundas que a corrupción. Queremos construír barcos ou deixar de contribuír activamente á destrución do Amazonas e das súas culturas? PODEMOS crear alternativas a este sistema que divide o mundo en países e persoas de 1^a, 2^a e 3^a?

Confundir e distraer do que verdadeiramente importa, a xestión do común, pode facer máis dano que o roubo en si. De feito, a forza política herdeira do movemento indignado semella perder pulo cando se lle pregunta "como poderán". Mudar as cousas, para repartir riqueza e xestionar recursos de xeito xusto e eficaz, sen demasiadas distraccións en siglas e bandeiras, é o desafío que, co tempo, TODOS podemos e DEBEMOS afrontar... Moito Choio!!!



Foto: Sanbec

A CULPABILIDADE DO CONCELLO E KARPIN E CÍA. NO DETERIORO DO BARRIO DO CURA

CSA Cova dos Ratos

A comezos do mes de novembro boa parte dos perpiaños de granito que conformaban os números 10, 11, 12, e 13 do Barrio do Cura. Este singular conxunto de vivendas populares do s XIX, que contaban con solainas, pórticos e lavadoiro comunal, foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 2006, e leva (igual có resto do barrio) 15 anos en situación de abandono por parte dos seus propietarios, "Valery Karpin Asociados Inmobiliarios", e máis polo Concello de Vigo, que é o responsable legal da súa conservación (Art. 4 Lei 8/1995).

"Nos últimos días esboroáronse boa parte dos perpiaños de granito que conformaban os números 10, 11, 12, e 13 do Barrio do Cura. Uns dos poucos elementos de patrimonio histórico que Concello e Karpin & Cía. pretendían conservar"

Para máis escarnio, precisamente este conxunto de arquitectura popular é dos poucos elementos de patrimonio histórico que o PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR <<APR A-4-01 BARRIO DO CURA>> esixe conservar (lamentablemente encaixado nunha furna entre moles de nova construción que sextuplican a altura do conxunto.) Agora xa non se tratará de conservar, senón que teremos que reconstruílo.

Dende o Centro Social Autoxestionado Cova dos Ratos denunciamos esta lamentable situación, e esiximos que dende a administración se rehabilite e consolide o conxunto de elementos de patrimonio, bens e espazos públicos do <<APR A-4-01 BARRIO DO CURA>>

actualmente abandonados por lo concello mesmo e os seus propietarios. Animamos a cidadanía a pór no centro do debate público o xeito en que as autoridades locais enfocan as políticas urbanísticas e os intereses especulativos duns poucos aos que esa xestión responde.

Así como a participar na horta colectiva do Berbés na que os socios de Cova e outras persoas cultivamos e sacamos proveito sotilemente. Demostrandolle ao Concello e Valery Karpin que outro Barrio do Cura é posible e necesario.




Foto: Marea de Vigo

GALICIA E A SOBERANIA ALIMENTARIA

Oscar Lomba

A soberanía alimentaria galega é a potestade do pobo galego para definir as súas propias políticas agrarias e alimentarias de acordo con obxectivos de desenvolvemento sostíbel e seguridade alimentaria. Iso implica a protección do mercado alimentario galego contra os produtos excedentarios que se venden más baratos no mercado internacional, e contra a práctica do dumping e xa que logo a venda por baixo dos costos de producción.

É un concepto que foi introducido con maior relevancia en 1996 por Vía Campesina, con motivo do Cume Mundial da Alimentación da Organización para a Alimentación e a Agricultura (FAO).

En Galicia, igual que no resto do mundo, os partidarios do concepto de soberanía alimentaria suscitamos un marco para a gobernanza das políticas agrícolas e alimentarias que incorpora unha ampla serie de temas, tales como a reforma agraria, o control do territorio, os mercados

locais, a biodiversidade, a autonomía, a cooperación, a débeda, a saúde, e outros relacionados coa capacidade de producir alimentos localmente.

A Soberanía alimentaria constitúe unha ruptura con relación á organización actual dos mercados agrícolas e financeiros posta en práctica pola OMC. En contraste á seguridade alimentaria definida pola FAO, que se centra na dispoñibilidade de alimentos, a soberanía alimentaria incide tamén na importancia do xeito de producción dos alimentos e da súa orixe e salienta a relación que ten a importación de alimentos baratos no esmorecemento de producción e poboación agraria locais.

A soberanía alimentaria abrangue políticas referidas non só a localizar o control da producción e dos mercados, senón tamén a promover o dereito á alimentación, o acceso e o control dos pobos á terra, auga, e recursos xenéticos, e á promoción dun uso ambientalmente sostíbel da producción.



Foto: Chiu Longina

